



Concello de Vigo

YOLANDA AGUIAR CASTRO, CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VIGO

C E R T I F I C O: Que a Xunta de Goberno Local, na **sesión ordinaria do 16 de xuño de 2022**, adoptou o seguinte acordo:

4.- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO PARA A ATENCIÓN DAS NECESIDADES BÁSICAS DOS CENTROS ESPECÍFICOS PARA PERSOAS EN ESTADO DE NECESIDADE, PROPORCIONÁNDOLLES ALIMENTOS E OUTRAS AXUDAS.(2022-2025). 234248/301.

Visto o informe xurídico do 25/05/2022 e o informe de fiscalización do 06/06/2022, dáse conta do informe-proposta do 25/05/2022, asinado pola xefa do Servizo de Benestar Social, o xefe de Área, a concelleira-delegada de Política de Benestar Social e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. INFORME

I.1. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de articular un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

I.2. Dentro destas asociacións ou institucións, a Concellería de Política de Benestar Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai anos coa “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable que cubre as carencias da estrutura municipal actual no tocante á atención de necesidades básicas dos centros específicos que atenden ás persoas en estado de necesidade (centros sociais, comedores, parroquias, asilos, etc.)

I.3. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política de Benestar Social do ano 2022 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 – “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, por un importe de 83.000€. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

I.4. Coa finalidade de garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos da “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”, estímase conveniente que o convenio en cuestión teña carácter plurianual. En concreto, propónse que a súa vixencia sexa de catro (4) anos (2022, 2023, 2024 e 2025), de acordo co previsto no Art. 49.h] da LRXSP e, especificamente, no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a *«garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio»*.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 1 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

As subvencións previstas para os exercicios de 2023, 2024 e 2025 (outros 83.000€/ano) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos orzamentos deses anos.

I.5. A concesión desta subvención nominativa artéllase mediante un convenio de colaboración que contempla as prescricións que sinalan as Bases 38 e 40 das de execución do Orzamento: competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción por desenvolver, órgano de colaboración e seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

I.6. A L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, considera que “non se entenderá como exercicio de novas competencias”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL:

«continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais:

«continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das físcendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

Polo exposto, xustifícase a necesidade e conveniencia de aprobar o Convenio de colaboración coa “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” para os exercicios de 2022-2025.

II. PROPOSTA DE ACORDO

Visto o informe da Xefa do Servizo, a orde de inicio de expediente da Concelleira delegada da Área de Política de Benestar Social e a proposta de convenio de colaboración elaborada, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración para os anos 2022, 2023, 2024 e 2025 entre o Concello de Vigo (Concellería de Política de Benestar Social) e a “Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo” (CIF G-36899375) para a atención das necesidades básicas dos centros específicos para persoas en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos e outras axudas.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto total de 332.000€, a razón de 83.000€/ano, con cargo no exercicio de 2022 á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (“Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 2 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “convocatoria instrumental” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis conveniente para os intereses municipais.

ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA DE BENESTAR SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “FUNDACIÓN PROVINCIAL BANCO DE ALIMENTOS DE VIGO” (2022 – 2025)

En Vigo, na Casa do Concello, o [data da sinatura electrónica]

COMPARECEN

Dunha parte,

A Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, D^a Yolanda Aguiar Castro, asistida pola Secretaria de Administración Municipal, D^a. Susana Gallardo Fariña.

Doutra parte,

D. Iván Martínez de Santiago, con DNI nº 36.020.534-G, Presidente da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», NIF nº G-36899375, con enderezo para os efectos de notificación na Avda. Alcalde Lavadores nº 102, CP 36214 Vigo.

INTERVEÑEN

D^a. Yolanda Aguiar Castro, na súa condición de Concelleira – Delegada da Área de Política de Benestar Social do Concello de Vigo, de acordo cos Decretos do Alcalde – Presidente do 18.06.2019, de estruturación dos servizos corporativos municipais e delegación de competencias xerais e do 26.06.2019, de delegación de competencias específicas nos/as concelleiros/as delegados/as de Área (Apdo. Terceiro, Pto. 5).

D. Iván Martínez de Santiago, actuando en representación da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», segundo así resulta dos seus estatutos e da documentación achegada ó expediente (acordo do Padroado da Fundación do 21.06.2021), asegurando o comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. Susana Gallardo Fariña, Secretaria de Administración Local, ós meros efectos de asistencia á Sra. Concelleira delegada e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os/As comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 3 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

I.- Que a «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» é unha fundación sen ánimo de lucro, que ten como obxectivo a obtención, almacenamento, clasificación e distribución de alimentos a entidades e institucións (centros asistenciais, parroquias, comedores, asilos...) que teñan como fin axudar ás persoas necesitadas, proporcionándolles alimentos para atender ás súas necesidades primarias.

Foi declarada de interese asistencial (Orde da *Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública* do 05.06.2002) e de interese galego por Resolución da *Consellería de Asuntos Sociais* da Xunta de Galicia do 12.09.2002, estando inscrita no correspondente Rexistro co nº 2002/10. Está inscrita tamén no RUEPSS (E-1634) e no Rexistro municipal de Asociacións do Concello de Vigo (nº 00836-03).

A Fundación constitúe un recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade de Vigo, por ser unha das entidades sen ánimo de lucro que traballa máis en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade, sendo moi utilizado polos servizos sociais.

Non está incurso en prohibición para ser beneficiaria das axudas obxecto da normativa de subvencións públicas e atópase ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas e familias na cidade que teñen a necesidade de acudir a centros e entidades asistenciais para poder satisfacer, alomenos en parte, as súas necesidades básicas de alimentación. Neste sentido, a Fundación constitúe un valioso recurso que complementa ós que xa dispón o Concello como, por exemplo, as axudas e programas de emerxencia social ou os convenios para o financiamento dos comedores sociais da cidade.

III.- Que de acordo co Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 4 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas Locais previsto nela» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrència competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrència pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abundamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervincentes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor da «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo», que se compromete a colaborar coa Concellería de Política de Benestar Social na atención inmediata ás persoas en situación ou risco de exclusión social, facilitándolles ás entidades e centros específicos os alimentos necesarios para tentar cubrir as necesidades básicas daquelas.



Copia do documento - Concello de Vigo

Data impresión: 16/05/2024 00:53

Páxina 5 de 10

SUBVENCIONS

CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

SEGUNDA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente á «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» unha subvención para cada un dos exercicios de 2022, 2023, 2024 e 2025 por importe de 83.000€/ano; en total, polo periodo de vixencia do Convenio: 332.000€. O gasto correspondente a 2022 imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.13 (“Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo”). As achegas correspondentes a futuros exercicios (2023, 2024 e 2025) estarán condicionadas ó cumprimento dos obxectivos propostos e á existencia de crédito adecuado e suficiente nos correspondentes orzamentos municipais.

TERCEIRA.- Xustifícase expresamente o periodo de vixencia deste Convenio no disposto no Art. 31 da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, segundo o que os convenios singulares con entidades de iniciativa social como o presente poderán ter carácter plurianual con vistas a «*garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio*».

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

1. No ano 2022, o 50% da cantidade anual á sinatura do convenio. Nos anos 2023, 2024 e 2025, o 50% da cantidade anual, no primeiro trimestre do ano. Para tal efecto deberán achegar o proxecto para o exercicio en curso e a Memoria anual completa do exercicio anterior. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiara como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
2. O 50% restante, unha vez xustificadas os gastos realizados ata o 1 de novembro de cada un dos catro (4) exercicios, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no periodo de vixencia do Convenio (2022-2025).

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 6 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQ-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

SEXTA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.

SÉTIMA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

OITAVA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política de Benestar Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

NOVENA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión creárase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes da Fundación e dous técnicos municipais, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área (ou persoa na que delegue).

DÉCIMA.- A «Fundación Provincial Banco de Alimentos de Vigo» comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO PRIMEIRA.- A Fundación poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO SEGUNDA.- O Convenio perfeccionarase pola prestación do consentimento das partes, entrará en vigor no momento da súa sinatura e estará vixente ata a completa execución do proxecto ó que se refire. Para os efectos do establecido na L.40/2015 (Art. 49.h) e Disp. Adic. Oitava), o seu prazo de vixencia será de catro (4) anos (2022 – 2025), condicionado ó cumprimento dos obxectivos e á existencia de crédito orzamentario adecuado e suficiente en cada un dos exercicios.

DÉCIMO TERCEIRA.- Calquera alteración do contido deste Convenio precisará do acordo das partes asinantes e da autorización municipal do órgano competente e se instrumentará mediante a correspondente *Addenda*.

DÉCIMO CUARTA.- O Convenio extinguirase, ordinariamente, polo cumprimento total das actuacións que constitúen o seu obxecto ou ben por acordo unánime das partes, por decisión xudicial declaratoria da súa nulidade ou por incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por cadaquén. Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumpridora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumpridos. De se incumprir tal requirimento procederá a resolución do Convenio e, de ser o caso, a esixencia da indemnización que proceda polos danos e perdas ocasionados. En todo caso, tocante ós efectos da resolución do Convenio estarase ó disposto na súa normativa reguladora (Art. 52 LRXSP e ccetes.).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 7 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

DÉCIMO QUINTA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do día 01 de novembro de cada un dos catro exercicios (2022, 2023, 2024 e 2025) a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos. A xustificación deberá facerse conforme á previsión contida no artigo 30 da L.38/2003 e 28 da L.9/2007, coa estrutura de conta xustificativa prevista no artigo 72 do RD.887/2006, que conterá memoria de actuación xustificativa e memoria económica xustificativa.

Para tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

-Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

-Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:

1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
2. Nominas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contratos de traballo e documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social (RNT e RLC).
3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
 1. Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividades subvencionada.
 2. Que foron abonadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
 3. Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia.
 4. Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total é o que se reflicte na memoria de rendición (Base 38.5 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 8 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKQK-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



Concello de Vigo

previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Se a beneficiaria da axuda solicitase a devolución dos xustificantes orixinais que se tiveron en conta para facer a fiscalización e o pagamento, se estes fosen facturas en papel, o servizo xestor das axudas procederá á súa devolución, obtendo os orixinais do expediente electrónico, que serán substituídas con copias validadas que serán enviadas polo servizo xestor do gasto, procedendo ó “*estampillado*” de todas as facturas orixinais retiradas, na que se fará constar, que a devandita factura foi tida en conta na conta xustificativa da subvención outorgada polo servizo, que quedará reflectida no corpo da factura. En ningún caso serán retirados os orixinais sen achegar copias compulsadas que substituirán aos orixinais.

No caso de xustificación con facturas electrónicas, no documento asociado á factura electrónica, farase constar esta circunstancia. De non ser posible esta acreditación, a xefatura do servizo, ante a solicitude do beneficiario, emitirá un informe no que se acreditará os números de facturas que se tiveron en conta para xustificar a subvención ante o Concello (Base 38.4.B] execución orzamentos).

DÉCIMO SEXTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención, a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO SÉTIMA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concellería de Política de Benestar Social. O/a responsable técnico/a do proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política de Benestar Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO NOVENA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do Art. 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro desta na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

VIXÉSIMA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 sobre protección de datos de carácter persoal, da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 9 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKKQ-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

dereitos dixitais e das demais disposicións vixentes nesta materia, infórmase que os datos da entidade beneficiaria e os dos seus representantes serán incorporados ós correspondentes ficheiros municipais baixo a responsabilidade do Concello de Vigo e ás bases de datos de xestión municipal e de Benestar social. A finalidade da súa recollida e tratamento é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto deste Convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e as demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións públicas, en orde á conclusión do proceso de subvencións.

Poderán ser cedidos a outras Administracións, organismos e institucións, asumindo estas as obrigas dos responsables de tratamento de datos. Tamén poderán ser cedidos en cumprimento dun mandato legal ou xudicial e verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade. A base lexitimadora do tratamento previsto reside no consentimento expreso das persoas que representan á entidade beneficiaria e no exercicio lexítimo das competencias municipais atribuídas pola normativa de réxime local e sectorial de servizos sociais. As persoas interesadas poden exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es). Disporán de máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

VIXÉSIMO SEGUNDA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerá pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais, o Plan Estratéxico de Subvencións e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Administración municipal, dou fe.

E para que así conste e produza os seus efectos, emito a presente certificación coa salvedade do artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, de orde do Excmo. Alcalde, en Vigo na data da sinatura dixital.

SGF/me.

V. e Pr.
O ALCALDE,
Abel Caballero Álvarez.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 16/05/2024 00:53	Páxina 10 de 10
SUBVENCIONS	CSV: A6AD41-EC378E-CCAB5F-UTZKKQ-CXZE16-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		